

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CÁRITAS
DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Santiago de Compostela a vinte e un de xuño de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona Concepción Fernández Fernández, Concelleira-delegada da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2016, polo Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

D. José Anuncio Mouriño Rañó, con DNI 35404408 W, que intervéen neste acto en calidade de representante legal da entidade Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, con número de identificación fiscal R1500053B e domicilio social na rúa Hospitaliño, n.º 2 Bis de Santiago de Compostela, entidade sen ánimo de lucro e rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número E-137, facendo uso das facultades que lle foron outorgadas por medio de escritura pública de poder autorizada o 3 de outubro de dous mil catorce pola notaría de Santiago de Compostela, D^a. Inmaculada Espiñeira Souto, baixo o número 1705 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exíxible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa

plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Segundo o artigo 2º.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

Segundo.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atribuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

Terceiro

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Cuarto.

Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, é o organismo oficial da Igrexa Católica na diocese de Santiago de Compostela para servir a acción caritativa e social, promovendo, coordinando e instrumentando a Comunicación Cristiá de Bens entre as comunidades eclesiais en todas as súas

formas; axudando á promoción humana e ao desenvolvemento integral das persoas, grupos e comunidades; colaborando naquelas accións que teñan este fin.

Que Caritas Diocesana de Santiago de Compostela foi erixida por Decreto do Cardeal Arcebispo de Santiago de Compostela o 6 de novembro de 1965 e está inscrita co número 341/SEC/C no rexistro de Entidades Relixiosas da Dirección Xeral de Asuntos Relixiosos do Ministerio de Xustiza

Quinto.

A Entidade, ten como fin xeral, a detección e a avaliación das problemáticas (tanto individuais coma colectivas) e o establecemento das solucións de acordo cos recursos sociais deste nivel de atención, ou se é o caso, a súa derivación ós servizos especializados, así como o seu seguimento, establecendo para isto, vías de coordinación e colaboración cos organismos públicos e as organizacións privadas, que presten servizos que afecten ao benestar social, procurando a maior rendibilidade e racionalidade deles.

Para a consecución deste fin, a entidade "Caritas Diocesana" a través de "Caritas Interparroquial", orientará a súa actividade ao logro dos seguintes propósitos, segundo os seus estatutos: desenvolver actividades de promoción social e desenvolvemento comunitario, encamiñadas basicamente á acción social, abrindo novas canles para a solidariedade social, concienciando a toda a sociedade, desenvolvendo proxectos que afronten os problemas sociais e as causas que a orixinan, loitando pola xustiza social e denunciando as causas xeradoras da pobreza e a exclusión.

Sexto.

O Concello de Santiago de Compostela e a Caritas Diocesana en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO .-Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

- **ATENCIÓN PRIMARIA – CÁRITAS INTERPARROQUIAL SANTIAGO**

Para levar a cabo este proxecto ou programa o custe total aproximado, ascende a un total de **100.600€ (CEN MIL SEISCENTOS EUROS)** (Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).

SEGUNDA.- CONTIDO.

- DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:

ATENCIÓN PRIMARIA – CÁRITAS INTERPARROQUIAL SANTIAGO

- DESCRIPCIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA

Cáritas é a acción social da Igrexa Católica.

Cáritas Interparroquial de Santiago, a través do programa de atención primaria, atende as persoas en risco de exclusión social, tratando de dar resposta a calquera demanda social que plantexen.

Traballamos dende diferentes eidos:

A acollida, usando a técnica da entrevista. A atención, por medio da cal descubrimos as necesidades e a orixe do problema plantexado, a continuación a resposta, dun xeito integral segundo a demanda. Sempre tratamos de resolver cos recursos propios e se non é o posible usamos a derivación a outros centros propios, a administración local ou a outras institucións. Todos estes aspectos englobados a través da coordinación.

Polo tanto perseguimos:

- **ACOLLER** as persoas en situación de dificultade, ben sexa económica ou de calquera outra índole.
- **COORDINAR** coas diferentes asociacións de carácter social e cós propios Servizos Sociais municipais.
- **RESOLVER** as situacións, de carácter social, demandadas polas persoas participantes.
- **DERIVAR** as persoas participantes aos diferentes proxectos de Cáritas co obxectivo de intentar resolver a demanda que plantexen.

- OBXECTIVOS E PRIORIDADES

- **FOMENTAR** a integración das persoas participantes favorecendo a súa autonomía e a resolución dos conflitos que plantexan.
- **PROPORCIONAR** os medios axeitados para a obtención de calidade de vida.
- **EVITAR** situacións límites por perda de vivenda ou carencia de medios para as actividades da vida diaria.
- **PROMOVER** a incorporación a sociedade das persoas participantes en risco de exclusión.
- **CUBRIR** necesidades básicas de alimentación, roupa, medicinas e teito.
- **FORMAR** en habilidades sociais básicas, para rentabilizar a búsqueda de emprego.

Para acadar estes obxectivos, utilizamos as seguintes **técnicas**:

- Entrevista inicial e valoración da situación social.
- Visita domiciliaria para corroborar os datos prestados na entrevista.
- Elaboración de informes.
- Tramitación de prestación públicas (PNC) e outras de réxime interno.
- Seguimento de casos en coordinación con outros servizos.
- Derivacións tanto dentro da propia Cáritas coma a outros servizos existentes na cidade.
- Axudas básicas de manutención.
- Mediación familiar en situacións de crise ou de risco.
- Tramitación de recursos materiais para a cobertura de necesidades básicas da vida diaria.

- Coordinación telefónica ou presencial cós diferentes centros de saúde para a atención e cobertura sanitaria.

- **ÁMBITO TERRITORIAL**

Utilizamos a demarcación territorial do Arcebispo de Santiago, circunscrito o Arciprestazgo de Xiro da Cidade que inclúe 18 parroquias do núcleo urbano e Os Tilos no Concello de Teo. Non quedarán sen atender as necesidades que xurdan fora desta demarcación porque as derivaremos a Caritas Diocesana.

O proxecto levase a cabo na sede de Caritas Interparroquial na rúa Hospitaliño, 2 de Santiago de Compostela.

- **PERSONAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

As persoas destinatarias do programa son:

Todos os colectivos socias sen excepción. No día a día o colectivo máis numeroso é o de persoas sen fogar/sen teito coas diferentes problemáticas engadidas como consecuencia da falta de vivenda. Prevemos arredor de 2.000 persoas usuarias para este ano 2017. Ben é verdade que a maioría destas persoas están de paso na cidade, aproveitando os recursos do Albergue e da Cociña Económica. Outro colectivo preocupante é numeroso son as familias (unhas 500) das que habería que diferenciar que maioritariamente son dun só proxenitor, ben por ausencia dun deles, ou ruptura familiar; así é que prevemos atender a 700 mulleres soas ou con cargas familiares. Sería interesante destacar que no último ano notamos un incremento importante de mulleres sen fogar.

Moi importante destacar que o cen por cen da nosa actividade se desenvolve con persoas paradas ou con emprego moi precario.

As idades de maior incidencia está entre os 30 e os 60 anos.

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMIENTO**

A través do programa tratamos de evitar alarma social en casos de exclusión, repercutindo dun xeito importante na sociedade. Así mellora a convivencia cidadá e evitamos situacións conflitivas, de violencia e sufrimento para a nosa veciñanza.

A axuda normalmente é de carácter individual pero que repercute na unidade familiar intentando minimizar as dificultades polas que pasan as familias sen recursos.

O servizo de coordinación e apoio o Concello para a resolución de axudas en situacións de extrema gravidade. **A tal efecto establece un sistema coordinado cos servizos sociais comunitarios da Área de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello para a resolución e resposta perante solicitudes de axudas de emerxencia valoradas polos/as técnicos/as municipais no marco do presente programa de atención primaria.**

- **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO**

Recursos Humanos:

O equipo directivo responsable está formado por: Director, Administrador, Secretario e Responsable do programa. Este persoal é voluntario. Como técnicos: Administrativo,

Traballadora Social e Educadora Social a xornada completa, e Monitor de Comedor en Agosto a media xornada.

Recursos Materiais:

A sede é un edificio cedido o Arcebispado pola Fundación García Pan, consta de tres plantas para uso exclusivo de Cáritas. Está totalmente adaptado para despachos necesarios para o equipo directivo, técnicos, salas de reunións, sala de espera, e despachos de apoio a outros programas de Cáritas (Cativos-Infancia e Vieiro-ST).

Contamos con material funxible de oficina, equipamentos informáticos e unha furgoneta que se utiliza para tódolos programas.

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

Usamos a plataforma deseñada por Cáritas Española (SICCE) en onde se establecen campos de traballo:

- Ficha Social: Ferramenta básica a hora da acollida e da entrevista. Nela recóllense tódolos datos persoais, os alusivos a vivenda, a formación, situación económica e social, aspectos de saúde e adicións. Inclúe tamén unha valoración profesional da demanda plantexada e por suposto un apartado dedicado á derivación e coordinación con outros servizos.
- Solicitudes: plantexanse a hora da acollida, a través da entrevista. Na aplicación informática figuran as solicitudes "en proceso" mentres non se resolven. Sempre se da resposta despois de reunión semanal do equipo directivo e técnico. É unha ferramenta básica para as estatísticas internas que enviamos a Admón., tamén nos sirve para avaliación de resolución de problemas, xa que a través desta aplicación sabemos cantas persoas acoden ó servizo e cantas obteñen resposta.
- Respostas: segundo a aplicación SICCE podemos marcar a resposta segundo o tipo de demanda. Figuran respostas económicas, de medicións, seguimento, coordinación con outros servizo..., de maneira que podemos avaliar a contía e o número de respostas. Outro aspecto interesante é que nos mide tamén a cantas persoas afecta calquera resposta que deamos, se é individual ou unidade familiar.

Para a resolución de axudas, realízanse xuntanzas semanais de coordinación e información o equipo directivo das incidencias e demandas producidas o longo da semana. A xuntanza e tódolos mércos.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

Cáritas Diocesana conta cunha páxina web onde ten especial mención a Cáritas Interparroquial de Santiago. A través do facebook da Cáritas Interparroquial de Santiago. As memorias que cada ano se elaboran e distribúen polas parroquias e organismos.

- **DATAS**

O programa ten carácter anual e funciona nun horario de 8 a 3 e de 16,30 a 18,30, en días laborais.

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:

NOME DA ACTIVIDADE: ATENCIÓN PRIMARIA

DESCRIPCIÓN:

- Entrevista inicial e valoración da situación social.
- Visita domiciliaria para corroborar os datos prestados na entrevista.
- Elaboración de informes.
- Tramitación de prestación públicas (PNC) e outras de réxime interno.
- Seguimento de casos en coordinación con outros servizos.
- Derivacións tanto dentro da propia Caritas coma a outros servizos existentes na cidade.
- Axudas básicas de manutención.
- Mediación familiar en situacións de crise ou de risco.

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE:

- **FOMENTAR** a integración das persoas participantes favorecendo a súa autonomía e a resolución dos conflitos que plantexan.
- **PROPORCIONAR** os medios axeitados para a obtención de calidade de vida.
- **EVITAR** situacións límites por perda de vivenda ou carencia de medios para as actividades da vida diaria.
- **PROMOVER** a incorporación a sociedade das persoas participantes en risco de exclusión.
- **CUBRIR** necesidades básicas de alimentación, roupa, medicinas e teito.
- **FORMAR** en habilidades sociais básicas, para rentabilizar a búsqueda de emprego

Perseguiamos:

- **ACOLLER** as persoas en situación de dificultade, ben sexa económica ou de calquera outra índole.
- **COORDINAR** coas diferentes asociacións de carácter social e cós propios Servizos Sociais municipais.
- **RESOLVER** as situacións , de carácter social, demandadas polas persoas participantes.
- **DERIVAR** as persoas participantes aos diferentes proxectos de Caritas co obxectivo de intentar resolver a demanda que plantexen

PERSONAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN:

As persoas destinatarias son:

Todos os colectivos sociais sen excepción. No día a día o colectivo máis numeroso é o de persoas sen fogar/sen teito coas diferentes problemáticas engadidas como consecuencia da falta de vivenda. Prevemos arredor de 2.000 persoas usuarias para este ano 2017. Ben é verdade que a maioría destas persoas están de paso na cidade, aproveitando os recursos do Albergue e da Cocina Económica. Outro colectivo preocupante é numeroso son as familias (unhas 500) das que habería que diferenciar que maioritariamente son dun só proxenitor, ben por ausencia dun deles, ou ruptura familiar; así é que prevemos atender a 700 mulleres soas ou con cargas familiares. Sería interesante destacar que no último ano notamos un incremento importante de mulleres sen fogar.

Moi importante destacar que o cen por cen da nosa actividade se desenvolve con persoas paradas ou con emprego moi precario.

As idades de maior incidencia está entre os 30 e os 60 anos.

LUGAR DE REALIZACIÓN: As actividades lévanse a cabo na sede de Cáritas Interparroquial na rúa Hospitaliño, 2 de Santiago de Compostela.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Recursos Humanos: O equipo directivo responsable está formado por: Director, Administrador, Secretario e Responsable do programa. Este persoal é voluntario. Como técnicos: Administrativo, Traballadora Social e Educadora Social a xornada completa, e Monitor de Comedor en Agosto a media xornada.

Recursos Materiais: A sede é un edificio cedido o Arcebispado pola Fundación García Pan, consta de tres plantas para uso exclusivo de Cáritas. Está totalmente adaptado para despachos necesarios para o equipo directivo, técnicos, salas de reunións, sala de espera, e despachos de apoio a outros programas de Cáritas (Cativos-Infancia e Vieiro-ST). Contamos con material funxible de oficina, equipamentos informáticos e unha furgoneta que se utiliza para tódolos programas.

DATAS: O programa ten carácter anual e funciona nun horario de 8 a 3 e de 16,30 a 18,30, en días laborais

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2017, achegará á **CÁRITAS DIOCESANA A TRAVÉS DE CÁRITAS INTERPARROQUIAL** a cantidade de **CEN MIL EUROS** (100.000 euros segundo o artigo 33 das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017, e con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 48000/2017**.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

- Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.
- Gastos de persoal necesario para a execución das actividades: serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das actividades ou programas subvencionados. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados: elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina).
- Outros gastos correntes, que estean debidamente xustificadas e se consideren estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.
- En ningún caso serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc.) con cargo os proxectos ou actividade subvencionada, nin dietas

por estes conceptos relativos o persoal que preste servizos no desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.

- f) Non se consideraran gastos subvencionables os efectos da presente subvención os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado.

QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.


A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como data límite o 31 de outubro de 2017, a seguinte documentación:

1. Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura **(ANEXO I)**.
2. Unha memoria das actividades realizadas no proxecto **(ANEXO II)**. Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.
3. Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio **(ANEXO III)**.
4. Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de conformidade co **ANEXO IV**. No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO IX**. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

5. Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, proveedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade segundo o **ANEXO V**, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola Entidade no **ANEXO I**.
6. Unha memoria económica (**ANEXO VI**), en que se reflicta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.
7. A **XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO** efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

7.1. FACTURAS:

- a) **Facturas orixinais de gasto** (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, **ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa**, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso a documentación acreditativa do pagamento, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberan reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro., e no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.
- b) As facturas, ou documentos equivalentes ou substitutivos, **presentaranse en orixinal e serán selados** pola Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, cun selo que indicará o procedemento para o que se presentan, para os efectos da súa validación. A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturás das que é obxecto.
- c) No caso de realizarse o **pagamento de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión "pagamento anticipado" ou outra análoga. Ademais, de acordo co art. 6 apartado i) do Regulamento de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do proveedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.



d) Se presentan **facturas pagadas en efectivo**, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado” e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da presente subvención establececese en 600 € (seiscentos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo. **(ANEXO VII).**

7.2. Para o caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán achegarse:

- a) Copias dos **contratos** dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.
- b) **Nóminas** de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, o mes o que corresponde dito pagamento así como o concepto (data da nómina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.
- c) **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- d) Retención á conta do imposto do **IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- e) Os custos de persoal deberan acreditarse mediante **Certificado de empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada. **(ANEXO VIII)**

7.3. A xustificación do **PAGAMENTO** dos gastos imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

- a) Preferentemente mediante **transferencia bancaria**: xustificarse mediante copia do resguardo do cargo da mesma. E conterá, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.
- b) **Cheque**: ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
- c) **Efectivo**: So se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo,

subministros adquiridos en establecimientos públicos, como gasolineras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscentos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben a través dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.

- d) Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.
- e) No caso de achegar xustificantes de pagamento bancarios no que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.

8. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello de Santiago) e Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

9. Entregar debidamente cumprimentado o **ANEXO IX** que forma parte do convenio no momento da súa xustificación asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade.

10. Achegar o **nº de identificación fiscal e nº de conta bancaria** na que facer o ingreso.

11. Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a **adecuada publicidade** do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería da Area de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a tal efecto deberan presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula, conforme o **ANEXO X**.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **31 de outubro de 2017**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, **empregando obrigatoriamente os ANEXOS que forman parte do convenio**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen espirais, carpetas clasificadoras, archivadores, encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivamento e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as Entidades; a presentación óptima realizarase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo grampas ou de suxeición similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folla dos modelos normalizados dificulta o proceso nos rexistros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando que o selo do rexistro de entrada figure no documento da entidade beneficiaria de presentación da documentación preceptiva.

Así mesmo, co obxecto de verificar os datos contidos nos soportes documentais aportados será necesario que a Entidade axunte vía telemática a documentación aportada, os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención a través da remisión de todos os **ANEXOS que se axuntan o convenio en formato de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados, a través do seguinte correo electrónico (pssociais.diversidades.saude@santiagodecompostela.gal) - Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela, coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello isto e, **31 de outubro de 2017**.

SETIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2017, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei

9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as explicitadas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Remitir todos os ANEXOS que se axuntan o convenio en formato **de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados vía telemática a Concellería da Area de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se encontra, o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- i) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na **cláusula oitava** do presente convenio.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- k) Perder o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- l) Dado que a subscripción do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas, voluntarias, becarias ou profesionais que desenvolvan as accións obxecto do mesmo, e o Concello de Santiago de Compostela, a entidade beneficiaria comprométese a manter indemne diante de calquera reclamación, sen poder esixírselle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

OITAVA. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada pólo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS, E TRANSPARENCIA

1. As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A Concellaría da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá coas exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiras persoas; non obstante, o Concello de Santiago a través da Concellaría da Área de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e lle sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, que poderán exercerse ben mediante escrito no cal se achegue identificación suficiente, dirixido ao seguinte enderezo: Concello de Santiago. Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, Rúa Isaac Díaz Pardo 2-4 (Galeras) 15705-Santiago de Compostela.

2. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

DÉCIMA. AVALIACIÓN E INTERPRETACIÓN

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións. Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

Para os efectos de comprobar a execución do proxecto a entidade beneficiaria remitira con carácter mensual dende a sinatura do convenio unha memoria das actividades desenvolvidas ata a data, seguindo a estrutura da memoria que se incorpora no **ANEXO II** do convenio.

O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

DECIMOPRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECIMOSEGUNDA. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓN

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2017, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

DECIMOTERCEIRA.- RESPONSABILIDADE

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria.

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO


O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos dende o 1 de xaneiro de 2017 ata ó 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de ser subvencionables as accións ata a data límite para a presentación da xustificación indicada nas cláusulas quinta e sexta.

DECIMOQUINTA. CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 4.1.c do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polo polas cláusulas establecidas no convenio, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a partir da entrada en vigor da citada norma o día 02/10/2016.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio e os seus anexos por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

 	 
D ^a Concepción Fernández Fernández. Concello de Santiago de Compostela	Excmo. Sr. D. José Anuncio Mouriño Rañó Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela

ANEXO I


ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

ACTIVIDADE/PROGRAMA: ATENCIÓN PRIMARIA-CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SANTIAGO

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2017
Axudas - Mediciñas	3.000,00€
Axudas – Alimentación e hixiene	35.000,00€
Axudas – Varios	3.500,00€
Persoal – Salario bruto	41.600,00€
Persoal – Seguridade Social	14.000,00€
Mantemento (electricidade, teléfono...)	3.500,00€
TOTAL	100.600€

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuíto e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento é un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.



ANEXO II

MEMORIA DO PROXECTO/ PROGRAMA

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN ,ENTIDADE OU FEDERACIÓN

--

NIF

--

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

--

Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

--

Obxectivos e prioridades. Explicaranse cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados

--

Persoas destinatarias. Explicarase a quen se dirixiu o proxecto, o seu número aproximado, o tramo de idade.

Sector de poboación atendida e número: Familia, Infancia e Xuventude, Muller, Persoas Maiores, Persoas valoradas como Dependentes, Aquelas Persoas que teñan recoñecida unha Discapacidade, Persoas pertencentes a Minorías Étnicas, Persoas sen fogar ou que habiten nunha infravivenda, Persoas Vítimas de explotación sexual ou trata, Mulleres vítimas de violencia de xénero, Persoas vítimas de violencia domestica, Persoas en proceso de deshabitación de substancias aditivas, Persoas emigrantes retornados/ás ou Persoas Inmigrantes, Persoas que teñan a condición de persoa refuxiada, e Persoas procedentes de institucións penitenciarias etc..

--

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarase o equipo que levou a cabo as actividades e as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que se desenvolveron para a súa execución

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarase o equipo que levou a cabo as actividades e as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que se desenvolveron para a súa execución			
Nome e apelidos	Funcións que levou a cabo no proxecto	Actividades en que participou	Tarefas que desenvolveu nas devanditas actividades

Explicar o impacto que tivo na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento.

--

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto

--

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto.

Explicar como se fixo a difusión e a visibilidade do proxecto. É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

Calquera outra información que considere preciso incluír para obter unha visión global da avaliación do proxecto. Describa as dificultades e os apoios que se presentaron na execución do proxecto

PERSOA DE CONTACTO PARA REALIZAR CONSULTAS SOBRE A PRESENTE XUSTIFICACIÓN

NOME

APELIDOS

FUNCIÓNS QUE DESENVOLVE

ENDEREZO ELECTRÓNICO


TELÉFONO/S

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO (se o desenvolvemento do proxecto conleveu a execución de varias actividades. Deberá ser cuberta para cada unha das actividades repetindo o esquema)

NOME DA ACTIVIDADE.

DESCRIBIR O QUE SE FIXO.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE.



PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

LUGAR DE REALIZACIÓN

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.

DATAS (indicar meses/días no que comezou e terminou a actividade)


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 (BOP nº 55, 22 de marzo 2017) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2017.



ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO que a Entidade/Asociación _____
ten cumprido co obxecto do convenio asinado con Concello de Santiago no ano 2017, para o
desenvolvemento da Actividade/Programa/Proxecto _____,
de conformidade coas
cláusulas contidas no mesmo.


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 (BOP nº 55, 22 de marzo 2017) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2017.



ANEXO IV

DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS, CONCEDIDAS OU PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL
NIF
ENDEREZO
LOCALIDADE
TF/FAX
CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS
NIF
EN CALIDADE DE

DECLARO que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a mesma finalidade, PROGRAMA/ACTIVIDADE _____

obxecto do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago de Compostela, para o ano 2017, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais son os seguintes:

☐ Ningunha outra axuda ou subvención.

☐ Outras axudas ou subvencións.

CONCEPTO AXUDA	DA	S/C/P(1)	(2)IMPORTE (€)	%(3)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE (4)

(1) Indíquese o que corresponda S(solicitada),C(concedida),P(percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe da axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración /Entidade pública concedinte e, data da resolución.


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 (BOP nº 55, 22 de marzo 2017) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2017.



ANEXO V

RELACIÓN DE FACTURAS/DOCUMENTOS QUE SE PRESENTAN PARA A XUSTIFICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO que a relación de **FACTURAS** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Concello de Santiago para a realización da actividade/programa /proxecto _____

do ano 2017 son as seguintes:

(1*)CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEDOR/A OU EMISOR/A	OU NIF-ROVEDOR/A EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	DE (2*)FORMA PAGAMENTO	IMPORTE (€)

(1*) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á firma do convenio.

(2*) Forma de pagamento: Cheque, Transferencia, Efectivo.

DECLARO que a relación de **NOMINAS/ RETRIBUCIÓN DE TRABALLADORES/AS** destinados a desenvolver a actividade/ programa _____ do convenio asinado co Concello de Santiago, para o ano 2017 que se presentan para a xustificación son as seguintes:

DATA NÓMINA	NOME TRABALLADOR/A	IMPORTE NÓMINA	SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE PAGAM.	FORMA DE PAGAM.

Desexa a devolución das facturas orixinais?

- ☐ **SI** (Lembre que, para solicitar a devolución, deben achegar os orixinais e unha copia das facturas e dos xustificantes do seu pagamento).
- ☐ **NON**.


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 (BOP nº 55, 22 de marzo 2017) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2017.



ANEXO VI

MEMORIA ECONÓMICA

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

ORZAMENTO DO PROXECTO

Número da factura	Provedor/a	Importe	Vinculación detallada e explicación da súa necesidade, do gasto executado por cada actividade ou actuación concreta dentro do proxecto. Non é válida a simple descrición do concepto facturado.

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2017.

ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DAS FACTURAS PAGADAS EN EFECTIVO.

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO que na relación de **FACTURAS pagadas en efectivo** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Excmo. Concello de Santiago para a realización da actividade/ programa

do ano 2017 son as seguintes:

(1*) CONCEPTO	DE NÚMERO FACTURA	DE DATA EXPEDICIÓN	PROVEEDOR/A OU EMISOR/A	NIF-ROVEDOR/A OU EMISOR/A	DE DATA PAGAMENTO	(2*) FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE (€)

(1*) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á firma do convenio.

(2*) Forma de pagamento: Efectivo.

DECLARO que ditas facturas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da Asociación/ Entidade _____

Así mesmo,

DECLARO coñecer que non poderanse presentar facturas pagadas nesta modalidade con importe superior ó límite establecido no presente convenio, que establece en 600€ (seiscentos euros) por cada factura, non podendo fraccionar o importe da facturas co obxecto de dar cumprimento a Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 (BOP nº 55, 22 de marzo 2017) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2017.



ANEXO VIII

DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DOS/AS TRABALLADORES/AS DESTINADOS A DESENVOLVER AS ACTIVIDADES DO PROXECTO OU PROGRAMA

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO que os/as traballadores/as que se mencionan, estiveron destinados a desenvolver o programa/actividade subvencionada _____

obxecto do convenio o asinado co Excmo. Concello de Santiago, para o ano 2017.

DNI	NOME/ APELIDOS-TRABALLADOR/A	CATEGORIA PROFESIONAL	XORNADA LABORAL

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 (BOP nº 55, 22 de marzo 2017) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2017.

ANEXO IX

XUSTIFICACIÓN XERAL DA SUBVENCIÓN

D. _____ como representante legal de :

Entidade beneficiaria
CIB/NIF

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Actividade ou programa:
Convocatoria:
Datas de realización:
Importe da actividade:
Importe da subvención concedida:

2º.- Que os gastos xerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:
RELACIÓN DE FACTURAS

Nº	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGAM.
*	IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=		

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL=	

4º.- Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:


CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL=	

5º.-Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a

6º.-Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as aportacións á actividade subvencionada.

O que asino en
Sinatura

a data de



ANEXO X

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE

DATOS DA ENTIDADE

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

E, NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

DECLARO ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/actividade subvencionada _____

obxecto do convenio, asinado co Excmo. Concello de Santiago no ano 2017, de conformidade co establecido na cláusula oitava do convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións.

A tal efecto achegase coa memoria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicte o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.

- Aportase como soportes documentais (carteis, folletos, enquisas, captura de pantalla paxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc*) xustificativos o/s seguinte/s:

- Indícanse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017 (BOP nº 55, 22 de marzo 2017) e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2017. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2017.

